



## **Bases II Concurso Relatos Breves República Musical Mardi Gras**

### **Prazo presentación ampliado**

A Asociación Cultural República Musical Mardi Gras convoca a 1 de maio de 2022 a Segunda Edición do seu Concurso de Relatos Breves República Musical Mardi Gras.

As bases de participación son as seguintes:

1º.- Os Relatos deben ser orixinais e non ter gañado ou recibido accésit en ningún outro concurso.

2º.- Acéptanse textos en galego e español.

3º.- A extensión máxima será de 450 palabras. Pódese comezar cun título que non computará no total de palabras.

**4º.- No relato deben existir referencias directas ou indirectas a un concerto de música real ou ficticio.**

5º.- Pode participar calquera persoa de 14 ou máis anos.

6º.- Cada participante pode presentar un único relato.

**5º.- O prazo de presentación de orixinais finaliza o 1 de decembro de 2022 ás 23:59**

6º.- No relato pódense citar marcas comerciais.

7º.- Calquera relato cuxo contido se considere que vulnera ou incumple un ou máis preceptos da Declaración Universal de Dereitos Humanos será descalificado de oficio.

8º.- En caso de referenzas directas a persoas físicas ou xurídicas, ou bandas do sector musical, terase en conta por parte da organización se pode afectar a súa honra ou dar lugar a malentendidos graves que afecten ao seu prestixio, podendo descalificar o relato por ese motivo.

9º As obras deben enviarse exclusivamente por correo electrónico. Este conterá 2 adxuntos:

1) o relato en formato de texto (word, odt, txt ou similar). O tamaño da letra será de 12 puntos. Non se aceptarán obras manuscritas.

2) Datos de contacto en formato de texto ou pdf: nome completo, email, teléfono e o seu número de socia/o se é socia da Asociación Cultural República Musical Mardi Gras.

O correo electrónico é: [acrepublikamardigras@gmail.com](mailto:acrepublikamardigras@gmail.com)

Asunto: II Concurso Relatos Breves. + Título abreviado do relato

10º O xurado estará composto por un número de persoas impar (5 ou 7). Será elixido pola xunta directiva da asociación segundo os criterios que fixen nunha xuntanza. Unha das persoas que forme parte do xurado debe pertencer á xunta directiva da asociación e terá a condición de secretaria do xurado, deberá tomar acta na reunión ou reunións que se celebren. Terá voz e voto.

11º En caso de recibirse un número superior aos 100 exemplares, poderá pedir colaboración voluntaria a persoas asociadas para realizar unha primeira selección que facilite o traballo ao Xurado. Esta petición farase extensible a calquera persoa socia. Quedan excluídas aquelas que se presenten ao concurso.

12º Entregaranse dous premios: Un destinado a persoas socias, dotado con 250 euros e outro destinado a persoas que non sexan socias dotado con 150 euros. Polo tanto, o total destinado a premios é de 400 euros nesta segunda edición. Aplicaráselle as retencións que fixe a normativa legal vixente.

13º Ante a decisión do xurado so se poderá recurrir en caso de detectarse que se teñan incumplido algún dos puntos das presentes bases.

14º A asociación realizará as accións que considere oportunas para dar a maior difusión ás obras gañadoras.

15º O xurado poderá realizar unha selección de “Relatos destacados” que, previo consentimento dos seus autores/as, tamén poderán ser difundidos a través das redes sociais da asociación e por outros medios que se consideren oportunos.

16º Unha vez que se falle o premio, as persoas que participasen poderán difundir os seus relatos non premiados onde desexen, ou presentalos a outros premios.

17º A entrega dos premios realizarase coa data límite do 31 de decembro de 2022.

18º A Asociación Cultural República Musical Mardi Gras resérvase os dereitos de edición e publicación das obras gañadoras durante o periodo dun ano dende a entrega de premios. O resto de dereitos pertencen aos autores ou autoras de cada obra.

19º Desde o momento en que se **difundan** as obras gañadoras establécese o prazo de 30 días naturais para posibles impugnacións por plaxio, copia parcial, incumplimento das bases ou calquera outra circunstancia que se considere oportuna. Calquera participante ou persoa socia da asociación poderá enviar unha solicitude de anulación do fallo do xurado. Convocarase unha xuntanza conxunta do xurado e a xunta directiva da asociación para estudar a solicitude ou solicitudes e tomar unha decisión ao respecto. Se se considera oportuna a reclamación darase audiencia á persoa autora da obra impugnada e, tras ela, tomarase unha decisión definitiva. Se finalmente se decidise anular o fallo anterior, retomarase as deliberacións para outorgar de novo o premio vacante.

19º Ao tratarse dunha segunda edición, e en previsión dalgún erro detectado ou suxerencia recibida sobre estas bases, a Xunta directiva ten capacidade de introducir algunha aclaración ou mellora que non modifique as mesmas de forma sustancial. Farase chegar a mesma ás persoas que xa teñan participado e se difundirá nas redes sociais oficiais da asociación: Facebook e Instagram.

En A Coruña, a 1 de maio de 2022.

A. C. República Musical Mardi Gras

Correo de contacto para dúbidas e envíos: [acrepublikamardigras@gmail.com](mailto:acrepublikamardigras@gmail.com)